

ARTE DO GATO

Vicente Araguas, malia seguir publicando poesía nestes anos, ten sido un autor de difícil acceso editorial para os lectores galegos por mor de diferentes factores - problemas de distribución das obras, edicións de luxo, etc.- felizmente superados no poemario que agora nos ofrece: *O gato branco*¹. Nel asistimos ao despregue, por parte do eu poético, de artes propiamente felinas encamiñadas a un obxectivo concreto: impedir que ela -a amada- marche.

Para que non se vaia

ela o corazón

estáseme vestindo

na tarde

de balandro.

A elegancia do gato, ese xeito de moverse calculado e aforrativo, plásmase nos poemas por medio de breves palabras, escuetas pinceladas que transmiten sensacións espidas, elementais. O oco que ela deixa -esa casa que é "*un nacemento baldeiro*"- provoca no eu dor e desorientación, sentimentos que se veñen unir ó desacougo existencial da fugacidade da vida patente na sensación de boiar nun río estancando. A tarde vai fuxindo e isto provoca no gato o abandono da súa pasividade para optar por unha actitude de espreita máxima ante o perigo que axexa, pois, nesta hora, ata un neno pode conformarse en ser mortífero usurpando as mañás do gato:

Ollos de rapina

estudiando os avances

medindo paso a paso

ponderando

como a tarde vai

indo e cómpre voltar

ao niño, inseguro no acaso

do tellado.

A contemplación plácida e pasiva do felino é asumida polo eu poético para analizar o que o rodea -"*Oficio de ollar*"- pois a voz é agora gato que disfruta da calor narcótica desde unha atalaia privilexiada de observación. O verso vólvese aínda máis

¹ Espiral Maior, A Coruña, 1995.

breve que nunca, de acordo coa sensación de modorra que nos invade co sol estival, e ofrécenos breves indicios, apuntes da realidade que o rodea: muller, praia, pintadas, etc. Sabemos entón que o eu poético *persegue* o encontro visual coa amada como preludio -ese xogo de adiviñar que levará baixo a roupa- do encontro erótico:

Cando ela dorme

é un sabor

de laranxa

brava.

E o fume

do cigarro

doce como

nata montada.

Cando ela dorme:

un biscoito

despenado

na alba.

"*Flash-back*" é, como indica o seu nome, un retorno á infancia: o twist, as fotos escolares co estudante situado diante dun mapa e, sobre todo, a vivencia do cine dominical, escola para o eu do "*oficio de ollar*" que despois desempeñará cunha técnica cinematográfica na que a cámara é o ollo do gato que observa sen perder detalle. Da lasitude dos versos brevísimos da parte anterior pasamos a outros máis longos propios do estilo narrativo da retrospección. "*Flash-back*" vén ser un inciso dentro do encontro amoroso que se repite -en "*A plenitude*"- nun mediodía cheo de sol e coa cidade en plena efervescencia vital

A mediodía

cando quen

non fai o amor

non come

hai un estrondo

de música

infernal na rúa

(...)
e unha caixa de ritmos
descubre
o perigoso que é
que o amor
a mediodía
se derrumbe.

Nos momentos posteriores ó encontro amoroso a identificación entre os amantes é tan grande que é ela quen ten agora "*cara de gato*" mentres "*Vai alzando/ follas verdes/ -os seus ollos-/ contra o nordés/ de febreiro*". Pero esta plenitude é efémera e, conforme cae a noite, o gato, elegante e fermoso, tórnase anticipo do final, símbolo de tristeza. Así, en "*O gato branco*" amósasenos a transfiguración deste animal nun ser temeroso, anuncio dunha experiencia inmutable -"*O gato branco/ (...)/ avisaba/ que te ías*"- pois, igual que o eu poético, é consciente da inexorabilidade dos cambios, do triste fuxir da vida.

eu non podo escoitar Yesterday
-a vontade do tempo-
sen ceibar unha lágrima.

Pero aínda nos queda unha esperanza, malia en "*Final de palabra*" reflexionar sobre a imposibilidade da linguaxe para expresar os sentimentos, sabemos que bastaría con pronunciar as palabras máxicas para que as artes do gato cumprisen a súa función: que ela non marche nunca

(Ai, amor,
no faiado
hai unha chea
de verbas máxicas).

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 707, 4-1-1996, p. 24